

EXPRESIÓN DE INTERESE PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS POSDOCTORAIS XUNTA DE GALICIA EN AREAS/UNIDADES CON NECESIDADES ESTRATÉXICAS DOCENTES/INVESTIGADORAS

Con data 19 de febreiro de 2024 publicouse no DOG a orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases para a concesión das **axudas de de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG**.

No artigo 7.2 desta orde, establécese a obriga de que cada entidade solicitante entregue unha única listaxe na cal se inclúa un máximo de dez departamentos, unidades de traballo ou equivalentes con necesidades docentes consideradas estratéxicas e un máximo de dez departamentos, unidades de traballo ou equivalentes con necesidades investigadoras estratéxicas.

Vincular a solicitude dunha axuda posdoutoral a unha destas áreas/unidades implicará unha puntuación acumulable de 25 puntos (art. 12, 2.1) así como a creación, tras a finalización do contrato, de postos de traballo permanentes cun perfil e número adecuado ás prazas cubertas, conforme á lexislación vixente, ás normas de organización e funcionamento, e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Tendo en conta o anterior, para establecer en que áreas/unidades con necesidades estratéxicas existen candidatos, a Universidade ten que coñecer a demanda por áreas docentes e investigadoras das persoas candidatas. Esta expresión de interese non será vinculante para a presentación definitiva da solicitude da persoa aspirante por parte da Universidade.

Cómpre ter en conta que a elección de área de coñecemento debe ser coherente coa estrutura na que se pretende integrar.

O enlace ao formulario para recoller a súa expresión de interese é o seguinte:

<https://forms.office.com/e/aBT9BAvRir>

Achéganse os seguintes anexos:

- **Anexo I - Áreas ordenadas por necesidades estratéxicas/docentes**
- **Anexo II - Departamentos, Unidades, Centros Singulares da USC**

As persoas candidatas que desexen participar deberán incluír un **CVA** <https://cvn.fecyt.es/editor/#HOME>, no caso de participantes de fora da USC deberán achegar o CVA a través do enderezo electrónico investigacion.rrhh@usc.es

O PRAZO PARA REALIZAR ESTA EXPRESIÓN DE INTERESE REMATARÁ O PRÓXIMO LUNS, DÍA 4 DE MARZO ÁS 12:00 h.

Realizada esta primeira fase, o **martes día 5 de marzo** publicarase a relación dos departamentos, unidades de traballo ou equivalente no que existan necesidades docentes e/ou investigadoras estratéxicas prioritarias para a USC. Do mesmo xeito, facilitarase unha guía, así como os modelos/formularios precisos para realizar a presentación da súa solicitude nesta convocatoria.